



A banda deseñada

Biblioteca IES "As Mariñas"



Marzo 2007

Cando o cómic se chama banda deseñada

Obélix
Mortadelo

Mafalda

Filemón

Corto Maltés

Os barbanzóns

Astérix


Lucky Luke


Tintín

A banda deseñada:

- Un cómic o banda deseñada é unha forma de arte visual que por medio de viñetas ilustradas forma unha historia narrativa.
- Naceu nos xornais de EEUU na última década do século XIX.
- A unidade mínima é a viñeta que é o recadro onde se enmarcan as imaxes.
- O primeiro número de TBO apareceu en Barcelona o 17 de marzo de 1917.

Cando o cómic se chamaba TBO





Mafalda

Quino

Mafalda e os seus amigos Felipe, Manolito, Susanita, Miguelito e Libertad, e máis o seu irmán pequeno Guille e a súa tartaruga Burocracia xa teñen o seu espazo na biblioteca. Son once libriños numerados do cero a dez e o mellor é que os vaías lendo en orde así poderás coñecer mellor estes persoeiros. Irás vendo como Mafalda vai coñecendo os seus amigos e amigas e comprobarás que malia estaren moi unidos, son moi distintos entre eles. Ao principio Mafalda é filla única pero nos derradeiros libros nace Guille, o seu irmán. Tamén coñeces os seus pais aos que Mafalda sorprende decote.

Corto Maltés

Hugo Pratt

"Nun mundo onde todo é electrónico, onde todo se atopa calculado e industrializado, non hai sitio para un home como Corto Maltés" Hugo Pratt

Corto Maltés naceu o 10 de xullo de 1887 en A Valeta (Malta). Seu pai era un mariño británico procedente de Cornualles e a súa nai era unha xitana apodada "a nena de Xibraltar", nada en Sevilla. Debido á orixe do seu pai, Corto Maltés é un súbdito británico. A súa residencia oficial está en La Antigua, en Las Antillas, pero a súa residencia preferida atópase en Hong-Kong. Corto Maltés viviu boa parte da súa infancia en Córdoba.

Aventúrate con Corto Maltés en :

Las célticas,

La casa dorada de Samarcanda

La balada del mar salado (tamén en novela *Balada do mar salgado*).



Tintín



Tintín é un mozo reporteiro belga que se envolve en estrañas aventuras. Sempre vai acompañado do seu can Milú, un fox-terrier branco que sente paixón polos ósos e mais polo whisky. Outros personaxes que adoitan aparecer nas historias de Tintín son: o capitán Haddock, Hernández e Fernández, o profesor Tornasol e Bianca Castafiore.

As xoias da Castafiore, Os xarutos do faraón, Tintín en América, Tintín no país do ouro negro, Tintín no Tíbet, e Obxectivo: a lúa.

En maio será centenario do nacemento de Georges Remi, o seu autor, máis coñecido por Hergé.

Hergé

Lucky Luke

Goscinny



Lucky Luke coñecido por ser "máis rápido que a súa propia sombra" enfróntase decote ao crime e á inxustiza. O seu cabalo Jolly Jumper é "o máis listo do mundo" e sempre acode en axuda de Lucky cando o precisa, sobre todo cando ten que enfrontarse aos irmáns Dalton que queren acabar con Lucky, máis nunca o conseguen.

Na biblioteca: *Las aventuras de Lucky Luke* e *A amnesia dos Dalton*

Mortadelo y Filemón

Ibáñez



Mortadelo é a alma desta parella de axentes secretos. Ten unha innata capacidade para disfrazarse e tamén para meterse en leas. Sempre anda a pelexar co seu xefe ou facéndolle trasnadas, sen embargo, a maioría das veces, é el quen termina ideando algunha estratexia disparatada para resolver os casos que lles encarga o "super".

Filemón, teoricamente o cerebro da parella, é o xefe e compañeiro de Mortadelo. Case todo o fan xuntos e están moi compenetrados. A maioría das veces Filemón ten que cargar coas culpas polas meteduras de zoco de Mortadelo, e é entón cando colle unhas perrenchas de coidado. Malia todo, son dous amigos inseparables.

El nuevo cate El ascenso Dinosaurios Los inventos del profesor Bacterio El racista El pinchazo telefónico La brigada bichera A las armas Cacao especial El bacilón Los kilociclos asesinos

Astérix e Obélix

Goscinny_Uderzo

Na nosa biblioteca Astérix e Obélix falan idiomas, Podédelos atopar en galego, en castelán e máis francés, a súa lingua original. René Goscinny encargábase de facer os guións e Albert Uderzo as ilustracións.




*Astérix e o fouciño de ouro Astérix e os loureiros do César
Astérix na terra dos bretóns Astérix e os belgas Astérix a
volta á Galiza Astérix gladiador Astérix e Cleopatra As-
térix o regalo do César Astérix en Hispania A cizaña
Obelix y compañía Astérix y Cleopatra Astérix le Gaulois
Astérix et Cleopatre Astérix Gladiateur Astérix chez les bre-
tóns Astérix gladiador Le combat des chefs La serpe d'or
Le tour de Gaule d'Altérix*



Os Barbanzóns

Pepe Carreiro



Hai moitos anos, antes aínda de os romanos asomaren os fuciños por esta terra, vivían na península do barbanza uns individuos tan semellantes a nós que mesmo comían ameixas e bebían cervexa.

Pepe Barreiro, un dos creadores de máis actividade nas viñetas galegas actuais, cóntanos a vida dos habitantes do castro de Baroña: unha longa parentela coñecida como os Barbanzóns, entre cuxos membros algúns eran dados á guerra, outros á filosofía e outros á festa, como o oso Bar, o animal de compañía de Banza.

Na biblioteca: *A noite de Samaín, Baroña ou morte e No solpor da prehistoria*

O Castro de Baroña está situado no concello de Porto do Son (A Coruña) e foi escavado por primeira vez en 1933. O poboado debeu de ser autosuficiente, pénsase que a alimentación tiña como principal fonte o mar: mexillóns, caramuxos, lapas e peixe.

Quino



¡Que presente impresentable!

Humano se nace

Miguelanxo Prado



Trazo de tiza

Páxinas crepusculares

Crónicas incongruentes



Xaquín Marín



Dos pés á testa

La Ilíada / La Odisea



Marabillosas historias escritas por Homero, o gran poeta grego, cheas de acontecementos e apaixonante acción.

De todo un pouco

Tamén nos blogs:

<http://bijcomic.blogspot.com/>

Blog sobre cómic das bibliotecas municipais da Coruña

<http://www.lacarceldepapel.com/blog.html>

Un veterano blog sobre esta temática

<http://www.zonanegativa.com/>


Zona negativa

<http://www.untebeoconotronombre.com/>

Un tebeo con outro nome

<http://www.animangaweb.com/> Sobre manga

<http://concdearte.blogspot.com/> con c de arte



A banda deseñada pódela atopar na estantería rotulada **821-5**, mesturada en distintos idiomas. Lembra que os libros que teñen un gomet verde están escritos en galego.

Últimas novas!

Spielberg producirá unha serie de películas sobre o personaxe de Tintin. A estrea da primeira sería contra o 2009.

Estamos a preparar un obradoiro de banda deseñada para o vindeiro mes de maio.